

PROCEDIMIENTO VOTACIÓN CONSELLO ESCOLAR 2024 IES LAMAS DE ABADE

Segundo Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos do goberno dos centros públicos de ensino non universitario. (DOG, 29/04/88). Corrección de erros, DOG, 03/05; 24/05, e 15/06/88. Modificado polo Decreto 279/1990, do 27 de abril (DOG do 17 de maio) e polo Decreto 324/1996.

ELECCIÓN REPRESENTANTES RESPONSABLES ALUMNADO:

- Elección dunha persoa representante por renovación parcial.
- A representación dos pais no Consello Escolar correspóndelles a estes ou os representantes legais do alumnado, independentemente do número de fillos escolarizados no centro. O dereito a elixir e ser elixido correspóndelle ao pai, á nai, ou se é o caso, aos titores legais.
- O voto será directo, secreto e non delegable e deberá acreditala súa personalidade mediante a presentación do documento nacional de identidade ou calquera outro documento acreditativo,
- A elección producirase entre as candidaturas admitidas e proclamadas como tales pola xunta electoral.
- Marcarase na papeleta unha soa cruz ao lado do nome da candidatura votada.
- Serán nulas as papeletas nas que se sinale como elixidas un número de candidaturas maior que o establecido legalmente, así como as papeletas que conteñan outras marcas distintas á cruz indicada.
- A mesa electoral estará constituída por:

PROCEDIMIENTO VOTACIÓN CONSELLO ESCOLAR 2024 IES LAMAS DE ABADE

- Directora do centro que actuará como presidenta
- Catro representantes do sector responsables do alumnado, designados por sorteo público (sortearanse suplentes) entre os que non presenten candidatura e actuando como secretaria a persoa de menor idade.
- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais do alumnado matriculado no centro, propostos por cada unha das ANPAS existentes no mesmo ou avalados para iso pola sinatura de 10 electores.

ELECCIÓN REPRESENTANTES ALUMNADO:

- Elección de dous representantes por renovación parcial.
- Hai unha vacante da renovación parcial da convocatoria 2022. Esta vacante será cuberta pola candidatura votada en 3º lugar e o período de representación no Consello escolar será de dous anos.
- Son elixibles e con dereito a elixir o alumnado de educación secundaria matriculado no IES Lamas de Abade.
- A elección producirase ente as candidaturas admitidas e proclamadas como tales pola xunta electoral.
- Marcarase na papeleta unha soa cruz ao lado do nome da candidatura votada.

PROCEDIMIENTO VOTACIÓN CONSELLO ESCOLAR 2024 IES LAMAS DE ABADE

- Serán nulas as papeletas nas que se sinale como elixidas un número de candidaturas maior que o establecido legalmente, así como as papeletas que conteñan outras marcas distintas á cruz indicada.
- A mesa electoral estará constituída por:
 - Directora do centro, que actuará como presidenta.
 - Dúas persoas pertencentes ao alumnado e designadas por sorteo público (sortearanse suplentes) entre os que non presenten candidatura e actuando como secretaria a persoa de menor idade.
- Poderán supervisar as votacións alumnado proposto polas asociacións de alumnado ou avalados pola sinatura de 10 electores.

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO SECTOR DE PERSAL NON DOCENTE:

- Elección dunha persoa representante.
- A elección producirase ente as candidaturas admitidas e proclamadas como tales pola xunta electoral.
- Marcarase unha cruz no nome da candidatura votada.
- Serán nulas as papeletas nas que se sinale como elixidas un número de candidaturas maior que o establecido legalmente.
- Son elixibles e con dereito a elixir o persoal que realice estas funcións no centro.
- A mesa electoral estará constituída po:
 - Directora, que actuará como presidenta.

PROCEDIMIENTO VOTACIÓN CONSELLO ESCOLAR 2024 IES LAMAS DE ABADE

- Secretario do centro.
- Membro de maior idade do sector de persoal non docente.
- O voto será directo, secreto e non delegable, marcando na papeleta unha cruz ao lado do nome da candidatura votada.

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO SECTOR PROFESORADO:

- Elección de tres representantes por renovación parcial.
- A elección producirase ente as candidaturas admitidas e proclamadas como tales pola xunta electoral.
- Nesta convocatoria, ao elixir a tres representantes, marcaranse, como máximo, na papeleta dúas cruces, cada unha ao lado do nome da candidatura votada.
- Serán nulas as papeletas nas que se sinale como elixidas un número de candidaturas maior que o establecido legalmente, así como as papeletas que conteñan outras marcas distintas á cruz indicada.
- A mesa electoral estará constituída por:
 - Directora do centro, que actuará como presidenta.
 - Dous membros do profesorado: de maior e menor idade, actuando o membro de menor idade como secretario.